



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
Servizos Sociais

## ANUNCIO

*Por acordo Xunta de Goberno Local do 29 de xullo de 2013, apróbanse as seguintes Bases Reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para o curso 2013/2014 con destino a familias en situación de dificultade socioeconómica, que se atopan pendentes de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:*

### **BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO AO ESTUDIO PARA O CURSO 2013/2014 CON DESTINO A FAMILIAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIO-ECONÓMICA**

#### **CONVOCATORIA 2013**

As axudas ó estudio contéplanse como unha prestación social no marco das Axudas de Emerxencia Social polo seu carácter extraordinario e finalista. As presentes Bases reguladoras para a concesión de Axuda municipais ao estudo para o curso económico 2013/2014 con destino a Familias en situación de dificultade socioeconómica, ten a seguinte base normativa:

- Artigo 39 da Constitución Española, que establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.
- A Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local que no seu artigo 80.2.K establece as competencias dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.
- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, no seu artigo 60 atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais comunitarios básicos. No artigo 21 da mesma lei, recoñécense as prestacións económicas de emerxencia social e necesidade social como esenciais, dentro do sistema galego de servizos sociais, co obxectivo de paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.
- A Lei 3/1997 de 9 de xuño de protección xurídica, económica e social da familia, que no artigo 5 atribúe os concellos competencias en materia de protección as familias, infancia e adolescencia no referente a actuación directas no ámbito familiar, achegando recursos e prestacións as familias que presenten aspectos carenciais.
- O artigo 11 da Lei 1/1996 de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, que no seu artigo

A finalidade da convocatoria de axudas ao estudo é potenciar as condicións de igualdade no acceso ao ensino público e ós seus servizos a tódolos nenos/as empadroados no termo municipal da Estrada, evitando desigualdades derivadas da situación económica e/ou social das súas familias, e apoiando as economías familiares máis precarias.

#### **PRIMEIRA: Obxecto da Convocatoria**

O obxecto da convocatoria é regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias con dificultades socioeconómicas para o apoio ao estudo no curso escolar 2013/2014.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos ou privados, sempre e cando a suma de tódalas axudas non excedan do cen por cen do custe total, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e reintegralo ao Concello nos casos en que proceda.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

## **SEGUNDA. Orzamento**

O orzamento inicial ascende a 10.000 euros, con cargo a partida 2300.48900.

## **TERCEIRA. Tipoloxía e contía das axudas**

Establécense dous tipos de axudas:

1. Axudas para libros e material escolar necesario para o alumnado da segunda etapa de educación infantil dos centros públicos da Estrada.
2. Axudas para o pago de comedor escolar, destinadas a familias que teñen ao seu cargo menores que están utilizando o servizo de comedor escolar nos centros públicos de ensino infantil e primario do Concello da Estrada.

As contías das axudas a conceder poderán constituír o cen por cen do custe total. O importes máximos para o curso 2013/2014 en cada modalidade de axuda son:

- Axudas para adquisición de libros e material escolar para a segunda etapa de educación infantil: máximo de 90 euros por alumno/a.
- Os gastos de comedor escolar serán sufragados ata o custe total nos casos de familias que formen parte dalgún dos programas do Departamento de Servizos Sociais, previa prescrición técnica dos servizos sociais municipais. Nos outros casos o custe acadará ata o 50% do gasto.

As axudas para o pago de gastos de comedor escolar poderán ter carácter de prepago, previa proposta técnica argumentada e xustificada.

As axudas a abonar estarán en función do gasto realizado e xustificado, dando lugar, se é o caso, a unha minoración da contía inicialmente concedida.

## **CUARTA: Beneficiarios:**

Poderán ser beneficiarios destas axudas as familias empadroadas no Concello da Estrada que teñan menores ao seu cargo, matriculados para o curso escolar 2013/2014 nalgún centro de ensino público da Estrada, na segunda etapa de educación infantil (de 3 a 5 anos) para axudas de material escolar, e/ou estean matriculados en Educación Infantil ou Primaria para axudas de comedor escolar.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

En cada unidade familiar só un dos seus membros terá a condición de persoas beneficiaria das axudas, e poderanse conceder tantas axudas como número de menores utilicen o servizo de comedor ou estean matriculados en educación infantil.

No suposto de que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a priorización na concesión das axudas virá dada pola puntuación obtida, de maior a menor, trala avaliación e baremación da solicitude de acordo cos criterios establecidos na base OITAVA da convocatoria, ata esgotar os orzamentos destinados a tales fins.

### **QUINTA: Requisitos**

- 1- A unidade familiar deberá estar empadroada e ter residencia efectiva no Concello da Estrada.
2. As persoas estranxeiras residentes no concello da Estrada poderán beneficiarse destas axudas sempre e cando se atopen nunha situación administrativa regular e cumpran as condicións establecidas na Lei orgánica 4/2000 sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, así como o contemplado no Real Decreto 557/2011 que a desenvolve, ademais de reunir os requisitos contemplados nas presentes bases.
3. Estar matriculado ou ter reserva de matrícula nun colexio público do termo municipal da Estrada no curso 2013/2014 nos ciclos e educación infantil e/ou educación primaria en función da axuda solicitada en base o establecido na cláusula TERCEIRA das presentes bases.
4. Convivir na unidade familiar os alumnos e alumnas para os/as que se solicitan as axudas.
5. Ter presentada a solicitude e documentación no prazo e forma legal establecido.
6. Acada-la puntuación necesaria segundo baremo, dentro da capacidade orzamentaria asignada para tal concepto
7. Que renda per cápita ( *en diante RPC* ) en computo anual non supere os 7.455,14 euros (621,26 euros mensuais).

Entendese por **renda per cápita familiar** (RPC familiar) os ingresos netos da unidade familiar dividida entre o número de membros da mesma.

Os efectos de cálculo da RPC computarán por dous o pai/nai en suposto de familia monoparental. Nos casos de violencia de xénero no ámbito familiar, quedarán excluídos do cómputo de rendas os ingresos do agresor e a efectos de cálculo de RPC considerarase familia monoparental.

A renda RPC obterase pola agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza o longo do ano 2012.

Considéranse **unidade familiar** a formada polo pai, nai titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos solteiros do solicitante, menores de vinte e seis anos que convivan no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos. Cando algún dos membros da unidade familiar teña a condición de



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

discapacitado con grao igual ou superior o 75% ou estea valorado como dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006 de 14 de novembro de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia, computarase como un membro da unidade familiar. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerara membro computable aquel que non viva no domicilio, agás no suposto de custodia compartida que se incluírán ambos proxenitores dentro do computo da renda familiar.

Nos supostos de situacións de acollemento familiar, será de aplicación a familia de acollida os mesmos criterios.

Considéranse **ingresos netos** os ingresos totais da **unidade familiar** descontando o alugamento da vivenda ou amortización da mesma, sen que estes superen ás 300 € mensuais, e os gastos fixos de calquera membro da unidade familiar por razón de enfermidade ou problemática social con repercusión económicas que deberán xustificar documentalmente con facturas orixinais, e que serán estudadas e valoradas en cada caso concreto. Os ingresos netos mensuais son o resultante de dividir por 12 os ingresos netos correspondentes o ano 2012.

A efectos de valoración de ingresos teranse en conta tódolos obtidos, de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas, artísticas, etc... tanto de carácter fixo como eventual.

Para a valoración de ingresos de computo anual, teranse en conta os ingresos correspondentes a derradeira declaración da renda, dividindo por 12 os mesmos para obter a media de ingresos mensuais.

No caso de que se produzan variacións substanciais no ano 2013 con respecto o ano 2012, terase en conta ditas situacións sobrevidas coa correspondente avaliación polos/as traballadores/ras sociais de zona, que deberán estar reflectidas e argumentadas no correspondente informe social en base a situación actual acreditada e valorada, tomando como referencia nestes casos os ingresos mensuais obtidos o dividir entre 6 os ingresos da unidade familiar correspondentes no primeiro semestre do ano 2013.

## **SEXTA: Formalización de solicitudes e presentación de documentación:**

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral de entrada co Concello da Estrada ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo modelo Anexo I, acompañadas da documentación acreditativa de cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar a situación socio-familiar.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

1. Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante, pasaporte ou NIE vixente.
2. Fotocopia do Libro de Familia completo ou documento oficial acreditativo dos membros da unidade familiar coa súa data de nacemento.
3. Volante de empadramento Familiar
4. Xustificación da situación económica e laboral correspondente o ano 2012 de tódolos membros da unidade familiar (*certificacións de empresa, certificación do INEM sobre prestacións por desemprego, certificacións de pensións, convenio regulador de achegas económicas nos casos de*



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

*separación ou divorcio, ou calquera outro documento xustificativo de ingresos*), e fotocopia da declaración da renda do exercicio 2012. No suposto de non estar obrigado a realizala deberá presentar certificación negativa expedido pola Administración Tributaria de Facenda. No suposto de que exista a imposibilidade de acreditar determinadas situacións económicas, deberase achegar declaración xurada o respecto.

5. No caso de que formen parte da unidade familiar persoas en idade laboral (maiores de 16 anos), deberán presentar informes de vida laboral expedidos pola Tesourería da Seguridade Social.

6. Xustificante da matrícula ou de reserva de praza en calquera os centros de ensino público da Estrada.

7. Xustificante da reserva de praza no servizo de comedor no que se indicará o importe mensual a abonar pola unidade familiar e o nº de meses de servizo de comedor, así como o nome e CIF da empresa prestadora do servizo no caso de xestión indirecta.

8. Xustificación, no seu caso, dos gastos de aluguer e vivenda ou amortización de préstamo bancario para adquisición da mesma correspondente o ano 2012.

9. Fotocopia da certificación do grado de discapacidade e/ou dependencia dos membros da unidade familiar recoñecidos como tales.

10. Certificación da conta bancaria no que conste o código de conta do cliente, que deberá coincidir co/a solicitante da axuda.

11. Nos casos que proceda, delegación de cobro a favor da empresa prestadora do servizo de comedor.

12. Declaración de estar ao corrente das obrigas fiscais

13. Declaración de outras axudas percibidas ou solicitadas coa mesma finalidade, de calquera organismo público ou privado.

14. No caso de solicitude de libros e material escolar, a correspondente factura orixinal, que deberá ser emitida cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003, a nome do/a solicitante da axuda. As facturas presentaranse xunto coa solicitude. Se a solicitude fose desestimada procederáse a devolución da factura o/a interesado/a.

15. Calquera outro documento requirido polo/as traballador/ras sociais de zona para a valoración da solicitude.

Cando se presenten fotocopias de documentos, deberanse presentar compulsados ou achegar o documento orixinal para a compulsa dos mesmos.

### **SÉTIMA: Procedemento de tramitación.**

- As solicitudes e documentación pertinente presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das modalidades contempladas no artigo 84.4 da Lei 30/1992, dentro do prazo sinalado. Non se admitiran solicitudes fora de prazo.

- As solicitudes presentadas remitiranse a Unidade Administrativa do Departamento de Servizos Social onde se procedera a incorporación de datos no soporte informático correspondente e se remitirá a solicitude o/as traballadoras sociais de zona.

Na Unidades de Traballo Social de Zona (UTS) dos servizos sociais, recibiranse as solicitudes e realizaranse as seguintes tarefas:

- Comprobación dos requisitos esixibles e da documentación acreditativa e, si fose o caso, requirir a subsanación da solicitude ou documentación de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

ou acompañe os documentos requiridos, con indicación de que se así non se fixera, terase por desistido da súa petición.

- Estudio, valoración e baremación de cada unha das solicitudes presentadas que deberá quedar reflectido no informe social segundo modelo Anexo II. Deberá sinalarse igualmente no informe social a necesidade ou non de efectuar o aboamento da axuda mediante a delegación de cobro á empresa prestadora do servizo de comedor.

- Cumplimentación da valoración e baremación de cada unha das solicitudes nos correspondentes rexistros informáticos coa puntuación acadada por cada unha das solicitudes.

Os expedientes individuais, completos e valorados, remitiranse a responsable técnica do Departamento, xunto co listado de valoración en soporte informático de cada unha das UTSs, para a emisión do informe global das mesmas e a proposta técnica de resolución das axudas por orde de prioridade.

O informe valorativo das solicitudes presentadas así como a proposta técnica de resolución será remitido a Concelleira de Benestar Social e Igualdade, Emprego e Educación para a súa presentación a Xunta de Goberno Local.

## **OITABA: Criterios de avaliación e baremo**

A baremación das solicitudes ten por obxecto establecer unha orde de prioridade na concesión das axudas a tenor da maior necesidade estimada mediante o outorgamento dunha puntuación a cada unha das solicitudes en razón directa ó grado de necesidade estimado, mediante a avaliación acumulada dos seguintes factores:

- a) Situación económica.
- b) Núcleo de convivencia familiar.
- c) N<sup>o</sup> de nenos en idade escolar.
- d) Valoración técnica da problemática social.

Para a resolución das solicitudes é preceptivo a emisión do informe social, por parte do/as traballador/as sociais de zona, onde quede avaliada a situación e baremado cada un dos expedientes en base as seguintes variables e criterios:

### **a) AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA:**

#### **a.1. Base de cálculo:**

A avaliación da situación económica efectuarase partindo dos ingresos netos medios mensuais da **unidade familiar** segundo o establecido na cláusula QUINTA da presente convocatoria.

Establecese como base de cálculo o IPREM do ano 2012, que supón 621,26 € mensuais (prorrateadas as 14 pagas).

#### **a.2. Puntuación:**

A Base de Cálculo terá un valor constante de 50 puntos. A efectos de valoración partírase dos



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

ingresos netos medios mensuais da **unidade familiar**, puntuándose da seguinte forma:

\* **Os ingresos inferiores á Base de Cálculo**, contados a partir dela, de forma consecutiva en sentido decrecente, computaranse por tramas de 10,00 euros e a cada unha das tramas asignaráselle un valor positivo de 2 puntos. A puntuación final obterase engadindo ó valor constante de 50 puntos o resultado do valor da suma das tramas indicados.

\***Os ingresos superiores á Base de Cálculo**, pola contra, a cada trama de 15,00 euros., asignaráselle unha puntuación negativa que será de valor igual a menos 1 punto por cada un das tramas. A puntuación final obterase restando ó valor constante de 50 puntos, a suma negativa correspondente ó resultado de tódalas tramas a considerar.

#### **b) AVALIACIÓN DO NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:**

Constitúe a puntuación obtida segundo o número de membros que compoñan o núcleo de convivencia familiar, asignando un punto positivo por cada un dos membros da unidade de convivencia.

#### **c) AVALIACIÓN DO NÚMERO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR CURSANDO ESTUDIOS**

Constitúe a puntuación obtida segundo o número de fillos escolarizados ou cursando estudos, no presente curso académico, segundo a seguinte táboa:

<i>MENORES ESCOLARIZADOS</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
1	1
2	5
3	10
4	15
5	20
6	25
7	30
8	35

No caso de mais de 8 membros, incrementarase 10 puntos por cada un deles.

#### **d) AVALIACIÓN TÉCNICA DA PROBLEMÁTICA SOCIAL:**

Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias subxectivas na unidade familiar, que deben ser valoradas por canto poidan incidir no grao de necesidades. Representa unha valoración adicional feita pola traballadora social de zona e non pode exceder os 65 puntos.

O baremo para valorar as circunstancias concorrentes e/ou simultáneas é o seguinte:

1. Familias incluídas no Programa de Apoio ás Familias no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios básicos: 10 puntos
2. Familias beneficiarios da RISGA e de Prestacións de Apoio Familiar: 10 puntos
3. Familias de intervención social incluídas no programa de Inserción Social e Laboral: 5 puntos
4. Familias nas que algún/s membro/s teña unha discapacidade con grao igual ou superior ao



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

65%, ou estea valorado como dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro: 5 puntos

5. Familias monoparentais: 5 puntos
6. Situación de acollemento do/a menor: 10 puntos
7. Situación de desemprego dos 2 proxenitores: 8 puntos
8. Familia en risco de exclusión social: 12 puntos

No suposto de que o número de axudas solicitadas que reúnan os requisitos esixidos supera o importe destinado ás mesmas, darase prioridades ás daquelas familias que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo. No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a listaxe de concesión por orden inverso ao da contía da renda per cápita da unidade familiar. De producirse unha igualdade entre dous ou mais expedientes, se terá en conta o número de rexistro de entrada da solicitude.

### **NOVENA: Prazo de presentación de solicitudes e publicidade**

As Bases da convocatoria anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina Web do concello da Estrada. [www.aestrada.com](http://www.aestrada.com)

Darase publicidade ademais nos distintos colexios públicos e nas ANPAS dos mesmos.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase ó día seguinte da publicación das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincial de Pontevedra e **rematará o día 23 de setembro de 2013**. Non se admitirán solicitudes fora de prazo.

### **DECIMA: Resolución das solicitudes e réxime de recursos:**

A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución das axudas en base o informe técnico emitido pola responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais e a proposta da Concelleira de Benestar Social e Igualdade, Emprego e Educación, que será comunicada polo órgano instructor os interesados.

No caso de resolución favorable farase contar o importe da axuda concedida así como a forma de pagamento e as condicións nas que se outorga.

Contra a resolución adoptada na execución das presentes bases, poderase interpor recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes dende a recepción da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nesa caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

### **DECIMO PRIMEIRA: Xustificación e pagamento das axudas**

Tendo en conta a tipoloxía das axudas a conceder a forma de pagamento das mesmas será o seguinte:

1. As axudas para adquisición de libros e material escolar para alumnos matriculados na segunda etapa de Ensino Infantil dos centros públicos da Estrada, abonarase o importe concedido previa presentación de factura por parte do/a beneficiaria. A factura, que deberá ser emitida cos





EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
*Servizos Sociais*

requisitos establecidos no R.D. 1496/2003, figurará a nome do/a solicitante da axuda. As facturas presentaranse xunto coa solicitude.

2. As axudas concedidas para o pago de praza de comedor escolar para alumnos/as matriculados/as nos ciclos educativos de ensino infantil e primaria dos centros públicos do Concello da Estrada, abonaranse o remate do curso escolar, previa presentación de factura orixinal e co desglose de gasto por mes, antes do 31 de xullo de 2014.

O importe da axuda poderá abonarse o beneficiario ou a empresa prestadora do servizo de comedor, cando así se estableza no informe social, previa delegación por parte do/a beneficiario/a. No caso de concesión de axudas polo 50% do gasto do Servizo de Comedor Escolar, o outro 50% correrá a cargo do/a solicitante que lle abonará ó mesmo provedor. En ambos casos a empresa prestadora (provedor) presentará a correspondente factura por alumno subvencionado, conformadas polo/a titular da axuda.

No suposto de axudas para pago de comedor escolar concedidas con carácter de prepago, a factura xustificativa presentarse antes do 16 de xullo de 2014.

Tendo en conta que estas axudas son de interese social, pola situación de dificultade económica das familias as que están dirixidas, terán a consideración de carácter especial, polo que o importe da axuda poderá supoñer a totalidade do gasto.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade outorgadas tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, como por entes, sociedades ou calque entidade privada, por ter carácter de axuda compensatoria, sempre e cando a suma de tódalas axudas concedidas non supere a totalidade do gasto.

## **DECIMO SEGUNDA: Reintegro e réxime sancionador**

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos solicitantes suporá a devolución da axuda no caso de tela percibida e implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de dous anos.

No caso de abono das axudas con carácter de prepago, de non presentar os interesados a facturas xustificativas de gasto nos prazos sinalados na cláusula decimo primeira, apartados 1. e 2., procederase a incoación do expediente de reintegro tal e como se contempla nos apartados X, XI e XII do título V das Bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2013.

En todo aquilo non previsto na presente proposta técnica, será de aplicación as normas básicas de Lei 38/2003 xeral de subvencións (artigos 36 e 37) e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (artigos 32 e 33) sobre causas de invalidez e réxime de reintegro das subvencións, réxime de infraccións e sancións en materia de subvención.

*O que se fai público aos efectos de establecemento do prazo de presentación de solicitudes por parte das persoas interesadas, tal e como se recolle nas indicadas Bases.*

A Estrada, 1 de agosto de 2013

Asdo. O Alcalde. José López Campos